

# Na procura do eu

texto de obra

Unha nube de po tenue conxugada co castaño ennegrecido que o aire que zoa levanta ó seu paso, deixa ver entre a brancura infinita, dúas siluetas disfrazadas de radiantes cores. Erguidas, con miradas implacables e directas ó castaño presente nos seus comúns ollos, mostran o que realmente son, e non o que velan esas teas vistosas e femininas que portan.

A Primeira, situada a vosa esquerda, dominada pola razón e o saber, é dicir, polo poder da cultura na que nos atopamos inmersos, defende a súa importancia e presenza, recriminando e atacando a postura que a Segunda, a situada a vosa dereita, representa. Esta, baixo o poder da dozura e do sentir, do latexo e do impulso, da loucura...; camiña, sen compás, polo sendeiro abrupto que a vida describe loitando e afastando do mesmo a presenza desa parte racional que

atenta contra a súa existencia, a verdadeira, a conxugada e a que na súa literatura e filosofía influenciada herdanza grega, defendía no pasado, xa no século XVI, Erasmo de Rotterdam.

Á deriva, nun mar de dúbidas e temores comúns, equilibran e dan sentido a miñan existencia, a da súa creadora e retratada. Son elas as que aglutinan todas as pezas que conforman o que é o meu camiño vital, un camiño en feminino, o descrito ata o momento pola miña historia, recordos e vivencias compartidas. Son tamén o resultado de todas esas pegadas que as miñas mans e pés, co seu facer, foron deixando na terra empantanada, galega, que lle da forma.

Elas dúas, siluetas de vermello, encóntranse neste momento, nesta imaxe conxelada, a ambos lados do sendeiro. De pé, cos seus catro pés firmes, asentan sobre o chan un mesmo corpo, longo e estilizado, que finaliza nunha lisa cabeleira castaña que enmarca esas dúas miradas en continua loita. ¿Quén logrará vencer? Esa é a pregunta que vos presentan e cuxa resposta so atoparedes en cada un de vós, no voso interior. ¿Razón ou Sentir? ¿En cal situaredes a miña Arte?

A artista

En Santiago de Compostela, 13 de Setembro de 2011